

EXPOSICIÓN

ESPAZO MÁXICO (buxainas, libros e ilustracións)

Dende o día 11 de outubro ata o 10 de novembro a Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico “Ría do Burgo” acollerá unha orixinal exposición sobre literatura infantil, buxainas e ilustracións.

Esta exposición ofrece:

Unha escolma de libros da mellor literatura infantil.

Unha selección de ilustracións realizadas polos mellores ilustradores actuais que recrean e interpretan textos literarios, de todas as épocas, onde aparecen citadas as buxainas.

Unha colección de buxainas de todos os continentes.

Unha selección de números da revista de Literatura Infantil e Xuvenil “Peonza”, unha das máis importantes do país que cumpre 25 anos de vida.

Obradoiros de buxaino-pintura, de poesi-buxaina, e de xogos de buxainas.

Esta mostra non quere ser unha exposición máis..., quere dirixirse a todos, maiores e pequenos.

Quere ser unha viaxe polo mundo da literatura infantil seguindo a pegada dun sinxelo e humilde xoguete: a buxaina.

A buxaina, que como por arte de maxia, aparece e desaparece diante do noso nariz, ao longo desta mostra...

Aparece nas citas literarias, mais desaparece nunha delas (será quen de descubri-la?) aínda que sintamos a súa inevitable presenza...

Aparece nas imaxinativas ilustracións que as acompañan, e parece desaparecer na coidada selección de libros que se ofrece.

E volve a aparecer nas vitrinas espalladas ao longo da sala, mais semella que volven a agochase nun cadro, convertidas en obxectos imposibles...

Ao remate desta exposición, caerás na conta de que non se expoñen buxainas..., ti, visitante, serás o exposto... exposto ao mundo da imaxinación e da creatividade, e exposto ao irresistible e máximo baile dunha buxaina...

Lugar: Aula de Natureza “Juan Lembeye”. Xardín Botánico “Ría do Burgo”.

Datas: do 11 de outubro ao 10 de novembro de 2013.

Horario: de luns a venres (de 18.00 a 21.00 horas). Sábados de 11.00 a 13.00 horas e de 18.00 a 21.00 horas.